



**Recurso nº 84/2022**

**Resolución Medida Cautelar nº 32/2022**

**RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA  
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 30 de maio de 2022

VISTA a **medida cautelar** instada no recurso especial en materia de contratación interposto por don JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, na súa condición de concelleiro, contra *"el acuerdo de la Junta de Gobierno local de 25 de abril de 2022, por el que se acuerde el inicio del procedimiento de licitación del procedimiento antedicho, la aprobación de los pliegos técnico y de cláusulas administrativas particulares"* e mais o anuncio e pregos da licitación do mantemento integral dos equipos e instalacións e conservación das instalacións electromecánicas, de iluminación pública viaria e doutras instalacións eléctricas e auxiliares do Concello de Vigo, así como os subministros e actuacións complementarias de reparación e reforma descritas no PPTP, expediente 52198-444 dese Concello, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante), en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.** Interposto o recurso especial en materia de contratación descrito no encabezamento, no mesmo se solicita a medida cautelar de suspensión do procedemento de contratación.

**Segundo.** Déuselle traslado ao órgano de contratación do escrito de interposición do recurso especial onde tamén se indicou que podía presentar alegacións sobre a petición de adopción das medidas solicitadas.





## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A recorrente solicita a medida cautelar no seu escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación, regulada no artigo 56.3 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP, en adiante).

**Segundo.-** A competencia deste Tribunal para a adopción de decisións sobre a solicitude de medidas cautelares nos expedientes de contratación ven establecida no artigo 35.bis da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Ao abeiro disto, é competente para resolver esta solicitude de medida cautelar.

**Terceiro.-** O artigo 49 LCSP dispón que se poden solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Engade que tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

O artigo 2.5 da Directiva 2007/66/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2007, pola que se modificaron as Directivas 89/665/CE e 92/13/CEE do Consello, dispón que *“os Estados membros poderán dispor que o órgano responsable dos procedementos de recurso estea facultado para ter en conta as consecuencias probables das medidas provisionais para todos os intereses que poidan verse prexudicados, así como para o interese xeral, e para decidir non conceder tales medidas si as súas consecuencias negativas puidesen superar as súas vantaxes”*.

En tales Directivas o recurso especial en materia de contratación concíbese como instrumento dotado das notas de axilidade e eficacia para garantir o cumprimento da lexislación sobre contratos públicos e a corrección das posibles infraccións dos poderes adxudicadores nunha etapa na que estas poden aínda ser corrixidas de ser o caso.

En virtude do dito, procede acoller a medida cautelar sen prexulgar ningún aspecto do recurso formulado.





**Cuarto.-** O apartado 4 de tal artigo 49 recolle que salvo que o órgano competente acorde o contrario, a suspensión do procedemento que se poida acordar preventivamente non afectará o prazo concedido para a presentación de ofertas ou proposicións por parte dos interesados, do que resulta que isto último é a regra xeral para o lexislador.

En virtude disto, no presente caso non se acorda a afectación ao prazo concedido para a presentación de ofertas ou proposicións por parte dos interesados.

Polo exposto, vistos os preceptos legais de aplicación e, en concreto de conformidade co establecido nos artigos 49 e 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e do artigo 25 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, aprobado polo Real Decreto 814/2015, do 11 de setembro, este Tribunal

## RESOLVE

**Adoptar a medida cautelar** de suspensión da contratación do mantemento integral dos equipos e instalacións e conservación das instalacións electromecánicas, de iluminación pública viaria e doutras instalacións eléctricas e auxiliares do Concello de Vigo, así como os subministros e actuacións complementarias de reparación e reforma descritas no PPTP, expediente 52198-444 dese Concello.

A suspensión non afecta ao prazo de presentación de ofertas, segundo establece o fundamento último desta resolución.

Contra a presente resolución non cabe recurso ningún, sen prexuízo do que proceda contra a resolución que se dite no procedemento principal de recurso.

O PRESIDENTE, Tomás Otero Ferreiro. A VOGAL-SECRETARIA, Ana María de Frutos Martínez. O VOGAL, Jesús María García Blanco.

